

Venres, 28 de agosto de 2020

Estimadas familias:

O novo curso 2020-21 está a petar na porta, e desexamos que toda a comunidade educativa, familias, PAS, comunidade, alumnos e profesores o recibamos con ánimo renovado, e por riba de todo con moita calma e serenidade, condimento imprescindible para estes tempos difíciles e revoltos.

Como ben sabedes, na xornada de onte celebrouse a xuntanza entre Ministerio de Educación e Conselleiros Autonómicos; a **primeira semana de setembro** seremos informados das medidas definitivas a adoitarse nos centros educativos na volta ao colexio.

Polo de agora achegámosvos información de carácter xeral de cara á volta ás aulas dos vosos fillos, no sucesivo iremos detallando polo miúdo todos os aspectos relativos ao protocolo COVID que será a folla de ruta a seguir por todos, co fin de acadar un día a día no colexio saudable e seguro.

- ✓ O curso dará comezo o día **10 para educación infantil e primaria e o día 16 para ESO**. Recibiredes información das distintas franxas horarias para entradas e saídas escalonadas.
- ✓ O servizo de **comedor, transporte escolar e madrugadores manteranse** coas adaptacións pertinentes atendendo ao protocolo COVID e sempre na procura de ofrecer un servizo seguro. A oferta das **actividades extraescolares** será máis restrinxida con motivo das esixencias do protocolo. Durante o mes de setembro iremos concretando a oferta e informando.
- ✓ Recibiredes proximamente unha circular específica coas **directrices** a seguir os días dos **exames da convocatoria extraordinaria de setembro** para os alumnos de ESO, así como das **reunións de inicio de curso dos titores**

coas familias. As canles de comunicación que empregaremos serán a plataforma EDUCAMOS así como a páxina web do centro.

- ✓ Nas primeiras xornadas de clase traballaremos nas **xornadas de sensibilización** o valor da RESPONSABILIDADE baixo o lema: **"ASUME A TÚA RESPONSABILIDADE"**, un valor vicenciano que non pode cadrar mellor neste tempo no que o noso gran reto será aprender a desenvolver a capacidade de responder dos nosos propios actos no coidado dun mesmo e dos demais. Estas xornadas que forman parte do noso carácter propio formarán parte tamén do **protocolo de acollida** que dará prioridade o **estado emocional** dos nosos alumnos.

Trataremos de ir contaxiando ánimo e moita serenidade neste novo curso que estreamos. Un saúdo agarimoso e ata moi pronto.

